

[Orde do 22 de marzo de 2010 pola se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a estudantes universitarios para a asistencia a congresos, simposios, seminarios ou similares.](#)

As actividades para as que se solicita a axuda terán que ser realizadas no período comprendido, única e exclusivamente, entre o 1 de xuño e o 30 de setembro de 2010.

*Requisitos.*

1. Poderán solicitar estas axudas os/as alumnos/as universitarios/as que cumpran os seguintes requisitos:
  - a) Estar matriculado/a no curso 2009/2010 en calquera das universidades do sistema universitario de Galicia, ou nos centros asociados da UNED en Galicia en estudos conducentes ao título de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou nun máster universitario.
  - b) Ter superado no momento de presentación da solicitude 50 créditos en titulacións incluído neles o proxecto fin de carreira. Para os estudos de máster universitario, estar matriculado dun mínimo de 60 créditos, nun máster universitario de carácter presencial impartido nas universidades de Santiago, A Coruña ou Vigo no curso 2009/2010.
  - c) Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 1,50 puntos, calculada cos parámetros publicados por Resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 15 de marzo de 2005, DOG do 23 de marzo. No caso de alumnos de ensinanza técnica, a nota obtida polo alumno multiplicarase por un coeficiente corrector de 1,35 puntos.
  - d) O congreso, seminario, simposio ou similar, deberá estar organizado por universidades públicas, privadas ou outras institucións de recoñecido prestixio académico no que se traten aspectos relacionados coas materias obxecto dos estudos que están a realizar.
  - e) Que as actividades teñan unha duración mínima de 24 horas acreditadas pola entidade organizadora.

Quedan excluídos desta convocatoria os alumnos que xa resultasen beneficiarios desta axuda en anteriores convocatorias.

A solicitude, segundo o modelo ED432A que se publica como anexo a esta orde, asinada polo/a solicitante poderá presentarse **ata o 30 de abril de 2010**:

- a) No Rexistro Único da Xunta de Galicia, dirixidas á Secretaría Xeral de Universidades, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.
- b) Nos rexistros oficiais das universidades do Sistema Universitario de Galicia.

## AXUDAS

Non se admitirá como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxaría privados.

Os candidatos só poderán presentar unha solicitude. A presentación de dúas ou máis solicitudes invalidará todas as presentadas.